



Dende o equipo de Educación Infantil, queremosvos dar ideas de actividades para poder realizar na casa cos pequenos e pequenas e que a estancia destes próximos días sexa máis amena. Tamén propoñemos unhas rutinas que podeades levar a cabo, e ir cambiando as actividades cada día. Deste xeito propoñemos:

Recomendacións para organizar a rutina diaria:

- **Levantarse.**
- **Almorzar.**
- **Asemblea:** reunión familiar para decidir que actividades se van realizar, pódese facer un horario empregando folios de cores, pegatinas ou debuxos.
- **Actividades lúdicas:** debuxar experimentando coas cores, realizar manualidades con material de refugallo, debuxar nunha bandexa con sal ou area.
- **Actividade física:** sen ir ao parque, na medida das posibilidades de cada familia facer unha xincana na casa ou ioga no salón.
- **Xantar:** axudar a facer a comida, poñer a mesa e desfrutar dun xantar en familia.
- **Descanso:** unha pequena sesta para os mais pequenos ou xogos libres como: puzzles, construcións ou xogos simbólicos.
- **Lectura dun conto** facéndoos partícipes.
- **Actividade física:** escoitar música e bailar unha coreografía.
- **Xogos de mesa familiares:** cartas, xogos memori, xogo da oca, chapas...
- **Xogos educativos online.**
- **Conversas con familiares** por videoconferencia ou teléfono.
- **Rutinas de aseo.**
- **Cena:** axudar a facer a cena e poñer a mesa.
- **Relaxación:** contamos un conto e a durmir.





Exemplos de actividades e xogos:

➤ **MOTRICIDADE GROSA E FINA**

- Camiñar por riba de liñas debuxadas no chan con xiz, cinta adhesiva, cordas,...ou tamén mover una boliña de papel soprando por unha palliña.
- Practicar posturas e equilibrio.
- Ensartar en cordeis ou espaguetes: macarróns, anacos de palliñas... que previamente poden ser pintados con pinturas e pinceis.
- Facer pulseiras, coser.
- Facer e desfacer puzzles.
- Facer maquetas con caixas e cartóns.
- Pegar pegatinas sobre liñas debuxadas nun papel (rectas ,curvas, oblícuas...)
- Xogar a encestar bolas de papel nun cubo ou papeleira a modo de canastra.
- Recortar fotos de revistas e compoñer puzzles, collage...
- Xogar aos bolos con botellas baleiras.
- Decorar algunha camiseta vella con rotuladores, pintura...
- Facer unha torre movidiza con pinzas da roupa.
- Facer pelotas de malabares con globos, fariña ou arroz. Xogar con elas.
- Facer avións de papel e competir a lanzalos o máis lonxe posible.

➤ **VIDA PRÁCTICA**

- Elaborar receitas axudando aos maiores podendo preparar: un biscoito, tartas, galletas, pan, batidos...medindo e pesando os ingredientes, amasando, estirar co rolo,..
- Facer arreglos florais en xarróns
- Pasar a basoira e fregar o chan.
- Poñer e recoller a mesa contando os comensais que sodes e escollendo o número de utensilios axeitados.
- Dobrar a súa roupa e gardala no armario, axudar a poñer a lavadora e o lavalouzas.
- Limpar a mesa, mobles, espellos, ...
- Plantar sementes, regar e observar como medra. Regar as plantas da casa.
- Facer trasvases de líquidos con esponxas, xerras, pipetas, vasos,...., tamén con legumes, arroz, garavanzos...con culleres, pinzas...





➤ COIDADO DUN MESMO

- Peitearse e peitear aos demais, aos xoguetes,...
- Practicar a abotoar e desabotoar prendas e tamén con cremalleiras.
- Aprender a atar cordóns de zapatos, lazadas,...

➤ LECTOESCRITURA

- Adiviñar facendo mímica: accións, profesións, personaxes, películas, cancións...
- Facer adiviñas sobre animais, obxectos,...
- Aprender letras de cancións.
- Ler un conto e logo contalo apoiándose nas imaxes do mesmo.
- Escribir o abecedario. Relacionar letras maiúsculas con minúsculas.
- Copiar ou escribir o nome das persoas que viven na casa, doutros membros da familia, amigos do cole...
- Formar estes nomes recortando letras de catálogos, revistas...
- Formar nomes con pasta de letras.
- Escribir listas de palabras: lista da compra, lista de invitados do seu cumpreanos, lista de cousas para meter na maleta nas vacacións...

➤ ARTE

- Modelar figuras con plastilina, pasta branda ou area máxica.
- Colorear con: ceras, rotuladores, acuarelas, témperas,...
- Recortar con tesoiras e formar unha colaxe.
- Estampar con selos, esponxas, cortizas, tapóns,...

➤ LÓXICA MATEMÁTICA

- Asociar tarxetas de números e cantidade.
- Trazar números nunha bandexa de sémola, fariña, arroz,...
- Xogar a facer a torre máis alta: tirando un dado ir construíndo unha torre con pezas de construción. Colocar tantas pezas como indica a tirada. Conseguir a torre máis alta.
- Escondite de números: esconder tarxetas con números que deben ir encontrando por orden ascendente ou descendente. (Primeiro o nº1, o nº2.. ou ao revés).
- Contar con pinzas: darlles tarxetas de cartolina ou papel con números e que enganchen tantas pinzas da roupa como indica o número.
- Buscar números escritos en obxectos da casa e cópialos (mando da tele, caixas de alimentos, obxectos de droguería...).
- Escribir o número de teléfono de persoas da familia, amigos e amigas.





➤ NATUREZA E XEOGRAFÍA

- Clasificar animais, plantas ou obxectos segundo onde pertenza: aire, terra ou auga.
- Facer un seguimento do tempo meteorolóxico nun calendario.
- Experimentar cun globo terráqueo ou mapa mundi: relacionar animais co continente, relacionar os países coas bandeiras,...

➤ XOGOS

- Disfrazarse utilizando roupa e complementos variados.
- Xogar a frío-quente para adiviñar onde estan escondidos algúns obxectos.
- Xogar a Vexo- vexo.
- Xogos de memoria. Adiviñar que obxecto falta dunha colección. Observar un grupo de obxectos. Saír da habitación. Adiviñar o que retiramos cando volvan a entrar.
- Sesións de contacontos.
- Facer experimentos: ensinan aos nenos/as os principios da ciencia e a física.
- Xogos de mesa: parchís, oca, dominó, xadrez, outros comerciais con regras a cumprir.
- Teatro: usando roupa e complementos que teñan pola casa.
- O xogo do tesouro: encontrar un obxecto dándolle pistas.
- Crear xoguetes con material de refugallo.
- Karaoke familiar.

Queremos destacar que Clan lanza unha ferramenta especial para estes días, **EDUCLAN**. É unha ferramenta educativa que ofrecerá recursos educativos, (web, apps y televisiones conectadas), para as familias durante o peche preventivo dos centros escolares. Coordinado xunto co Ministerio de Educación e Formación Profesional e con axuda de editoriais educativas.

Esperamos que vos sexa de moita axuda.

Un saúdo

As titoras de Educación Infantil

